

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA- ANOVA**), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Juan M. Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relacionada **coas prestacións en saúde bucodental**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En abril de 2016 o Parlamento de Galicia aprobou por maioría unha iniciativa que instaba á Xunta a estudar a viabilidade de ampliar a cobertura en saúde bucodental na poboación adulta para o financiamento de limpezas e empastes das pezas dentais. Cubrindo o custe dos procesos patolóxicos da cavidade oral que agora mesmo corren a cargo das persoas que os precisan.

Sen embargo, e a falta de que a Xunta indique cando vai ter conclusións a cerca de ese estudo, existen outras melloras importantes que precisan as actuais prestacións.

O Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia ten denunciado que a día de hoxe aínda existen Unidades de Saúde Bucodental no SERGAS que carecen de profesionais hixienistas, necesarios e necesarias xunto aos odontólogos e odontólogas para dar cobertura á totalidade das prestacións actuais.

Por outra banda, existe bastante descoñecemento da poboación en xeral sobre as prestación que a día de hoxe existen no SERGAS nesta materia e atencións básicas coma a das persoas que sofren cancros orais seguen sen ser tratadas na sanidade pública.

Por todos estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA)** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar ás USB de alomenos un/unha hixienista dental. Planificar e acordar xunto aos e ás profesionais a OPE necesaria.
- 2.- Levar a cabo unha campaña informativa sobre as prestacións de saúde bucodental públicas por unha banda dirixida ao público xeral e por outra aos profesionais sanitarios.
- 3.- Ampliar a cobertura ofrecida polos e polas hixienistas dentais no SERGAS ás persoas doentes diabéticas, irradiadas en cancro de cabeza e pescozo, transplantadas, con enfermidades cardiovasculares graves e outras que se determinen en circunstancias especiais.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/06/2016 10:55:22

Jose Javier Ron Fernandez na data 20/06/2016 10:55:30

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 20/06/2016 10:55:38

Ramón Vázquez Díaz na data 20/06/2016 10:55:46

Anton Sánchez García na data 20/06/2016 10:55:53

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 20/06/2016 10:55:59